

PROXECTO LECTOR IES DE MOS CURSO 2021-22

(Aprobado polo Claustro e o Consello Escolar do IES de Mos o 20 de xuño de 2022)

“O que está en xogo é se o dominio de determinadas competencias comunicativas vai poñerse ao servizo dos ditados dos poderes económicos e financeiros ou se queremos desenvolver esas competencias comunicativas para construírmonos coma persoas, para establecer unhas relacións interpersoais tecidas dende o respecto e o afecto, para conformar sociedades máis equitativas, democráticas, responsables e comprometidas cos dous grandes desafíos que como humanidade hoxe temos formulados: a sostenibilidade do planeta e as enormes desigualdades na distribución da riqueza”

Carlos Lomas et alii, *Fundamentos para una enseñanza comunicativa del lenguaje*

1. SITUACIÓN INICIAL NO IES DE MOS

Os datos da enquisa de Biblioteca 2021 proporcionan os puntos dos que partir nas liñas de actuación do Proxecto Lector do IES de Mos.

Cada ano iremos engadindo os resultados acadados.

Aos catro anos o Proxecto Lector será revisado.

[Resultados Enquisa 2021](#)

Algúns datos: o 88% nunca vai cos profesores á biblioteca; o 61% non sabe consultar o catálogo online da biblioteca; só o 49% lle gustan os libros que lle gustan da biblioteca.

[Resultados Enquisa 2022](#)

Algúns datos: o 87,3% nunca vai cos profesores á biblioteca; o 64% non sabe consultar o catálogo online da biblioteca; só o 48,3% lle gustan os libros que lle gustan da biblioteca.

2. INTRODUCCIÓN: SOPORTE LEGAL

Os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade de ensinanza e, en especial, (...) o fomento da lectura e o uso de bibliotecas.

Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (modificada pola **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, de Educación**) artigo 2.2

Na ESO e no Bacharelato a comprensión lectora e a expresión oral e escrita traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns das materias de cada etapa.

Na ESO, coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicárase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.

No Bacharelato un dos obxectivos será afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Proxecto lector de centro é un programa de promoción da lectura no que se integran actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, artigo 38

O Proxecto Educativo de Centro deberá integrar, así mesmo, o Proxecto Lector de Centro, que deberá atender ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, tratamento e produción de información, en apoio da adquisición das competencias clave. Este é un documento a medio prazo, polo que deberá ser revisado como mínimo cada 5/6 anos. O Proxecto Lector de Centro deberá garantir que ningún alumno ou alumna acabe excluída do seu dereito á lectura e á información por non acadar unha competencia mínima no uso dos instrumentos e das tecnoloxías que o sistema educativo pon ao seu alcance.

INSTRUCCIÓNS DE COMEZO DE CURSO DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES, DURANTE O CURSO 2021/2022, NOS CENTROS DOCENTES DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS, DE TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE.

3. OBXECTIVO XERAL

O OBXECTIVO XERAL do noso Proxecto Lector é...

vertebrar todas as prácticas educativas do centro que teñen como eixe a lectura e a escritura de todo tipo de textos, así como a investigación e a difusión en múltiples formatos do coñecemento construído.

O Proxecto deberá ser consensuado polo claustro, realista nos seus obxectivos e paulatino no tempo.

O Proxecto poderá consultarse na páxina web do IES de Mos.

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN

OBXECTIVO 1: O Proxecto Lector debe favorecer a lectura para que lean algo os que non len, para que lean fondos con mellor calidade os que len algo e para chegar á excelencia os que len moito e abracen outros xéneros (cómic, poesía, ensaio...).

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Bolsas lectoras: Organizaranse bolsas visibles na Biblioteca, con libro preferentemente informativo, para levar ás aulas en Hora de ler, en gardas, en titorías...

- Hora de ler: Organizarase ao comezo do curso un calendario con moita visibilidade (vestíbulo, Aula Virtual, taboleiros...) cos horarios para dedicarlle unha hora semanal á lectura durante todo o curso ao mesmo tempo toda a ESO. É moi recomendable facelo tamén en Bacharelato.

- Clubs de lectura: Organizaranse ao comezo do curso Clubs de lectura. É recomendable facer polo menos un por nivel segundo a dispoñibilidade docente. Tamén son recomendables Clubs temáticos como Manga, novela negra, histórica...

- Itinerarios lectores: Elaboraranse itinerarios lectores por niveis e materias visibles na Biblioteca.

- Información actualizada: A Biblioteca porá a disposición dos usuarios e usuarias información actualizada na páxina web sobre os seus servizos, o catálogo e os formularios.

- Formulario de suxestións: a Biblioteca porá a disposición dos usuarios e usuarias un formulario de suxestións que permita incorporar ao catálogo fondos con verdadeiro interese.

- Formulario de dúbidas: a Biblioteca porá a disposición dos usuarios e usuarias un formulario de dúbidas relacionadas coa Biblioteca e a actividade lectora.

- Abrir a Biblioteca ás familias: A Biblioteca comunicará un horario de empréstimo a familias.

- Libro Dixital: A Biblioteca promoverá o uso do libro dixital E-ELBE.2.

OBXECTIVO 2: O Proxecto Lector debe conseguir lectores e lectoras competentes para o que hai que traballar a lectura en todas as materias e incorporar textos propios de cada materia.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Listaxe mensual de vocabulario: cada mes todas as materias traballarán con 25 palabras escollidas durante nove meses.
- Tempo de lectura na Acción tutorial: incluír no Plan de Acción tutorial de 1º ESO un tempo de lectura.
- Todos os temas deberían incluír un tempo de lectoescritura.
- A noticia do día ou a palabra do día: dedicar os dez primeiros minutos do día da primeira clase do día a comentar unha noticia ou unha palabra
- Certames de relatos: construír textos con finalidade real e pragmática.
- Obradoiros de escritura creativa.
- Curso en Aula Virtual: Proxecto Lector con textos informativos e argumentativos de diversas materias.
- Listaxes de libro informativo.

OBXECTIVO 3: O Proxecto Lector debe mellorar a Alfabetización Mediática Informativa (AMI)

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Investigar un tema (Proxecto Documental Integrado)
- Crear podcast

5. AVALIACIÓN

O Proxecto Lector será avaliado cada ano mediante os seguintes documentos:

- Plan Anual de Lectura. Deberá incluír os diferentes pasos que permitir levar a cabo as liñas de actuación do Proxecto Lector.
- Enquisa Biblioteca final de curso. Nela deben aparecer as diferentes liñas de actuación para ser avaliadas.
- Memoria Plambe. Na memoria de final de curso haberá un apartado de valoración do Proxecto Lector.

6. PAPEL DA BIBLIOTECA NO PROXECTO LECTOR

(A Biblioteca) debe favorecer a adquisición das “alfabetizacións múltiples” un concepto que desenvolve, amplía e actualiza o concepto de lectura.

Plan de nova arquitectura pedagóxica, Xunta de Galicia.

A Biblioteca do IES de Mos deberá proporcionalle ao Proxecto Lector:

- O espazo suficiente en metros cadrados para desenvolver as liñas de actuación
- O acceso a unha colección física e dixital suficientemente ampla para levar as liñas de actuación
- O asesoramento e a coordinación básica para elaborar as liñas de actuación

7. CONCEPTOS BÁSICOS CONSENSUADOS

LER BEN

O alumnado le ben cando...

é capaz de ler seguido no tempo con atención durante, polo menos, 30 minutos; capaz de enumerar as dúas ou tres ideas principais que artellan o texto; e capaz de enunciar o tema do texto nunha frase breve de dous substantivos.

ESCRIBIR BEN

O alumnado escribe ben cando...

é capaz de redactar un texto adecuado, coherente co tema proposto e cunha estrutura clara fragmentada en parágrafos.

ITINERARIOS LECTORES

Unha selección de lecturas é un itinerario lector cando...

contén un número de lecturas amplo, diversas en dificultade e diversas en temáticas e xéneros.